

# 1 CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

O Departamento de Educación Física ten establecido os seguintes criterios de cualificación para todos os niveis ESO-BAC.

ÁREA	PROCEDEMENTOS	ACTITUDE	CONTIDOS CONCEPTUAIS
	VALORACIÓN DA PRÁCTICA	TRABALLO EN CLASE/ ESFORZO, PROGRESO, ASISTENCIA, ROUPA...	TRABALLOS <i>presentados</i> FICHAS EXAMES TEÓRICOS
E.F.	40%	40%	20%

En casos nos que o alumno/a reiteradamente teña unha actitude negativa hacia a materia (ex.:non trae roupa, nin bañador/non pode facer práctica) implicará rebaixa de nota que irá dende o suspenso (ex.:reiteradamente non trae nada) ata unha rebaixa da calificación (ex.:de vez en cando non trae roupa/non fai prácticas).

## ANALISE DOS TRES APARTADOS

-NIVEL CONCEPTUAL: Suporá un 20% da nota final

\*Traballos de desenvolvemento, recompilación ou monográficos dunha parte específica da materia. E 2º curso utilizarase como referencia o libro de texto que teñen os alumnos \*Preguntas orais.

## NIVEL ACTITUDINAL:

1. Asistencia obrigatoria a clase: tres faltas sen xustificar suporán a perda da opción de superar a avaliación.	
2. Puntualidade	
3. Aseo diario logo da práctica. Obrigatorio levar: camiseta limpa, toalla e xel ou xabón.	
4. Ducha despois das sesións.	
5. Recollida do material.	
6. Utilización de indumentaria deportiva adecuada. Zapatillas deportivas ben atadas.	
7. Conduta axeitada e que facilite o normal desenvolvemento das clases.	
8. Actitude participativa, activa e positiva.	

9. <i>Respecto ao profesor e compañeiros na atención na explicación das tarefas e a súa realización.</i>	
10. <i>Exteriorizar nas sesións comportamento de superación e esforzo sobre as tarefas propostas</i>	
11. <i>Exteriorizar actitudes de autoestima e auto concepto axustado de se mesmo.</i>	
12. <i>Actitude positiva nas actividades complementarias e extraescolares.</i>	
13. <i>Manifestar interese polo aprendido e preguntar dúbidas.</i>	
14. <i>Presentarse voluntario para a realización de traballos e actividades extraordinarios.</i>	
15. <i>Uso correcto do material.</i>	
16. <i>Axuda aos compañeiros na explicación das tarefas.</i>	

Crterios de calificación actitudinais. Cada item vale 0.25puntos, para obter un máximo de catro puntos.

-*NIVEL PROCEDIMENTAL*. Suporá un 40% da nota final.

Non se fará media se o exercicio non supera os 4 puntos.

\*Valoración da práctica: realizarase mediante un diario de clase, así como de test ou probas sobre os contidos a traballar.

\*Exames práctico: sobre os contidos desenvolvidos en clase. Valorándose o índice de mellora e o nivel práctico alcanzado.

### **11.1. ALUMNOS/AS QUE NO PODEN FACER A PRACTICA DA ASIGNATURA.**

Por motivos médicos a lexislación establece que estes alumnos deben estar exentos da práctica, polo tanto deben asistir a clase normalmente e participar naqueles contidos que sexan adecuados para eles. Ademais deberán presentar un certificado médico que avalíe a súa problemática para realizar adaptación curricular se é o caso.

Aqueles alumnos que durante un certo período de tempo non poidan realizar a práctica por motivos médicos (Os exentos totais da parte práctica deben entregar Certificación Médica Oficial, acreditando a lesión ou enfermidade e o tempo de permanencia en devandita situación), deberán asistir a clase e realizar traballos paralelos a determinar segundo o caso. Se esta lesión acontece durante o tempo de uso da piscina o alumnado asistirá á piscina con pantalón curto e chanclas e axudará ao profesor/a.

En todo caso deberá facer unha ficha diaria das actividades que se realizan e que, posteriormente, teñen que entregar ao profesor e deben colaborar coa clase nos

momentos que precisen axudas para a utilización do material, anotacións, encargarse da música..., sempre que sexa necesario.

Existe a posibilidade de que os alumnos/as con desviación de columna ou con outro tipo de trastorno funcional, realicen os exercicios prescritos polo médico durante as clases de Educación Física.

A avaliación do alumnado com discapacidade física, transitória ou permanente, que lle impida realizar a práctica ou unha adaptación a esta, centrarase nos aspectos conceptuais (50% da nota) e nos aspectos actitudinais (50% da nota).

## 11.2. EXAMES DE SETEMBRO

O alumnado que non superara a materia en xuño terá a oportunidade de superala nun exame a realizar a primeiros de setembro. Neste caso no se computará o 40% da actitude e esforzo na clase e notas de clase que se contaba durante o curso.

O exame consistirá obrigatoriamente na realización de exercicios de nivel de dificultade similar aos realizados durante o ano escolar. Así, os exames de setembro incluírán os contidos teóricos e prácticos desenvolto durante o curso. A porcentaxe de exame práctico, salvo excepcións moi concretas (esencialmente médicas é obrigatorio a presentación dun certificado médico oficial.), nunca será inferior ao 60%. No caso que o alumn@ non poda realizar por motivo de lesión, farase una proba teórica-práctica.

## 11.3. CONSTANCIA DE INFORMACION AO ALUMNADO

O alumnado debe coñecer os criterios e procedementos de avaliación que seguirá o profesor/a. Por este motivo o profesorado informará a cada un dos seus grupos destes aspectos facendo **especial incidencia nos criterios de cualificación** expostos nesta programación.

Indicaráselle tamén que teñen a súa disposición a programación didáctica onde se reflicten estes apartados.